



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



Área Provincial de Pontevedra

Rúa Alcalde Hevia, 7
36071 Pontevedra

RESOLUCIÓN DA XERATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN Pontevedra, DE DATA 22 de xaneiro de 2015 POLO QUE SE INICIA O PROCESO DE SELECCIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) NO CONCELLO DE MOS.

De acordo co disposto na lei 8/2012 de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como as acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, o xefe territorial da conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Pontevedra

ACORDA

PRIMEIRO - Iniciar o proceso de selección dos adquirentes das VPP en segundas ou posteriores transmisións para a/as vivenda/s que se relacionan a continuación:

Concello de MOS:

Número de vivendas: 1

Vivenda situada na rúa: URB. SAN ELEUTEIRO, 37-3ºD

Expediente: PO92503 Conta: 112

Superficie: 80 m²

Número de dormitorios: 3

Garaxe: Si. Rocho: Si.

Prezo (incluídos garaxe e rocho vinculados de habelos): 58366 euros

SEGUNDO - Ofertar as citadas vivendas a través da páxina web do IGVS as persoas interesadas na súa adquisición, que estean inscritas no Rexistro Único de Demandantes á data desta resolución (22 de xaneiro de 2015).

As persoas interesadas deberán manifestar o seu interese na adquisición da/s vivenda/s citadas no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web, mediante escrito dirixido á ÁREA PROVINCIAL DO IGVS EN PONTEVEDRA, á seguinte dirección:

R/ Alcalde Hevia, 7 - 36071 Pontevedra

No dito escrito farán constar os seus datos persoais e o número de credencial asignado á unidade familiar no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia.

TERCEIRO - Requisitos dos adquirentes:

Poderán acceder a esta VPP as persoas, nacionais ou estranjeiras, maiores de idade ou menores emancipados que reúnan os requisitos do apartado d) do artigo 3 do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
CLIMA E OZONO

Decreto 253/2007 e con plena capacidade de comprar que, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Área Provincial de Pontevedra

Rúa Alcalde Hevia, 7

36071 Pontevedra

1. Atoparse inscrito ou anotado no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello no que se sitúan a vivenda á data desta resolución de inicio.
2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar maiores ou iguais a 0,7 veces o IPREM e menores ou iguais a 2,5 veces o IPREM.
3. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:

- a) Excepcionalmente, poderán acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzoza, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (art. 64.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).
- b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Neste suposto quedarán obrigados a ofertar ao IGVS a dita vivenda a efectos do disposto no artigo 10.I.3b do Decreto 253/2007.

De conformidade co artigo 10.II do Decreto 253/2007 non poderán acceder a VPP os que se atopen nalgúnha destas circunstancias:

- a) Que xa foran titulares de VPP e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafiuamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da Comisión Provincial.
- b) Que sexan titulares de bens inmóbiles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmóbiles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

CUARTO - Régime de adquisición das vivendas:

As vivendas adquiriranse en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior propietario.

O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e unha vez asinado deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

QUINTO - Procedemento de selección:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Acordo co disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007 e no artigo 31 do Decreto 1/2010 o proceso de selección de adquirentes será o de sorteio entre as persoas que reúnan os requisitos sinalados no apartado terceiro e que manifesten expresamente o seu interese na adquisición da/s vivenda/s.

Área Provincial de Pontevedra

Rúa Alcalde Hevia, 7

36071 Pontevedra

O dito sorteio celebrarase ante notario. O resultado do sorteio notificarase aos interesados (primeiro adquirente da lista e vendedor). Na notificación faranse constar os datos do adquirente e do vendedor, así como o prezo de venda da vivenda e anexos.

No caso de que se presente unha soa solicitude de adquisición no prazo indicado, será designado directamente como adquirente o demandante que tivese presentado dita solicitude, previa comprobación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado terceiro.

No suposto de que non se tivese presentado ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes, continuarase coa publicación da oferta de venda na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, podendo ser autorizada a súa transmisión directa a favor de interesado que figurando inscrito no Rexistro Único como demandante de vivenda de promoción pública cumpra os requisitos especificados no apartado terceiro.

Ao designado como adquirente no sorteio concederáselle un prazo de **10 días** para comunicar a súa aceptación. De non aceptar ou de non presentar a dita comunicación en prazo entenderase que non está interesado na adquisición e procederase a designar como adquirente ao seguinte da lista de espera que de se-lo caso se tivese confeccionado.

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

Pontevedra, 22 de xaneiro de 2015

O/A xefe territorial da consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas

Asdo.: José Luis Díez Yáñez



D./Dna. _____ con D.N.I. _____

_____, e nº de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia _____, á vista da oferta de vivendas de promoción pública en segundas transmisións, para selección de adquirentes, publicada no portal de Internet do IGVS, con data do 22 de xaneiro de 2015

SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan):

- PO92503:112 (URB. SAN ELEUTEIRO, 37-3ºD) - MOS

_____, ____ de _____ de 201____

Sinatura

Área Provincial do IGVS na provincia de Pontevedra